

Xerfa saudable

Cantigas de escarnio e amor

HEITOR MERA

Amor, denuncia, filosofía... son algúns dos eixes temáticos que conforman a obra literaria de Bernardino Graña. E é que estamos diante de alguén que non se encadra nun tipo de poeta concreto -nunca se deixou levar pola ansiedade de ver os seus textos en letra impresa, procurou fervelo todo a lume lento, polo que a súa obra é de calidade e prestixio-, por iso, non gusta de ser encadrado como “poeta do mar”; moi polo contrario prefire pensar que a poesía ten tantas cousas que contar como sentimentos poida ter un home. Así, inagurou o seu legado con aquel, lonxano no tempo, *Poema do home que quixo vivir*, ao que lle seguiu poesía cósmica, material de *Profecía do mar*, o amor paixonal e íntimo de *Se o noso amor e os peixes Sar arriba andasen* ou o vitalista e ecolóxico *Himno verde*. A variedade lírica vai acompañada dun nexo común a todos os traballos e que ten que ver coa perfección formal e a atención a facer o mellor posible todo o que saca ao prelo. Constantemente perfeccionando a súa poesía ao longo dos anos, arreo peneirando, nunca caendo no conformismo; así, engordino, foi elaborando unha das máis grandes obras poéticas que teña dado este país.

CELEBRAMOS O
POETA ACTIVO,
FERVOROSO, DE
VERSOS SONOROS
E CUIDADOS

Nos últimos tempos, Bernardino Graña estase ocupando moito máis da súa narrativa, xénero literario que coidou xa na década dos setenta co seu *Fins do mundo* ou coa numerosísima obra destinada aos máis novos como *O león e o paxaro rebelde*, clásico no xénero, ou *Rata linda de Compostela*. Esta atención deu ao prelo o seu -sempre recomendadísimo pola miña parte- *Protoevanxeo do neto de Herodes* e, esperamos, dará outras novas que serán recibidas con curiosidade e entusiasmo. Este traballo dos últimos anos provocou que só sacase nos últimos tempos un poemario: *Sen sombra e sen amor*, do que xa dixemos no seu momento que era unha especie de colectánea conceptual da poesía que levaba feito durante todos os anos que leva

dedicado á poesía e case que, no seu momento, pensamos que era o último poemario que Bernardino sacaría dado o seu entusiasmo manifesto coa narrativa que está cultivando.

Mais, caixa de sorpresas, volve a ofrecernos parte do seu repertorio poético cando moitos non esperaban outra entrega lírica do de Cangas. Acendede as almenaras é esta sorpresa coa que nos agasalla e que demostra que non perde pulo, que segue fervendo nel esa forza salitrosa que dá versos- ríos de amor e marabillamento.

O poemario, que ten como subtítulo “Cantigas de amor, de amigo e de escarnio” xa si, ten certas trazas de ser unha especie de despedida poética

dino esencia da poesía máis elemental e exitosa que o levou a ser moi prestixiado pola crítica do país. A primeira parte son poemas propostos para unha namorada, el “devoto da muller”, sempre brincadeiro e gozoso da compañía feminina. A segunda parte dedicada aos amigos, os literarios (Antonio Machado, Noriega Varela...) e os persoais (Luísa Vilalta, Camilo Caamaño, Xela Arias...) e, por último, defendendo ese amor como posición vital primixenia e ineludible, os poemas de escarnio contra, como el mesmo dixo no seu día “os que non aman nin saben de amor” É unha marabilla deixarse levar por estes sonoros versos. Formalmente coidados, conceptualmente elevados polos nobres sentimentos do namorado das mulleres, o viño e os amigos... lanzamos



de Bernardino. As palabras do autor no pequeno prólogo son significativas: “É o que hai” referíndose á construción do libro. Foi rescatando poemas publicados en diversas revistas e publicacións, sacando do esquezo poemas inéditos dalgún cartafol facendolles os respectivos arranxos e adaptacións e, pouco e pouco, foi xuntando poemas compostos ao longo dos anos, pertencentes ou non a outros proxectos anteriores desbotados polas razóns que foran para darnos o Bernar-

d e s d e
aquí un Bernardino Graña siga activo, fervoroso, pulando como mascato ergueito, estoupando coa súa poesía de xerfa saudable e de tasca e música alén de todos os mares.

GRAÑA, Bernardino, *Acendede as almenaras*, Ed. Xerais, Vigo, 2008, 70 páxinas.